

ESTREA EN NUMAX: 06.01.2017 | V.O.S.E. | +16

FICHA TÉCNICA

Silence (2016, 159')

Dirección: Martin Scorsese

Guión: Jay Cocks, Martin Scorsese (Novela: Shūsaku Endō)

Elenco: Andrew Garfield, Adam Driver, Liam Neeson, Ciarán Hinds, Tadanobu Asano, Shin'ya Tsukamoto, Ryô Kase, Sabu.

Montaxe: Thelma Schoonmaker

Dirección de arte: Wen-Ying Huang

Vestuario: Dante Ferretti

Son: Philip Stockton

Música: Kim Allen Kluge, Kathryn Kluge

Fotografía: Rodrigo Prieto

Produtora: Cappa Defina Productions, Cecchi Gori Pictures , SharpSword Films, Sikelia Productions, Verdi Productions

(Estados Unidos), CatchPlay (Taiwan), Fábrica de Cine (México)

Distribución: DeaPlaneta

Formato de proxección: DCP4K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Malas calles, 1973

Taxi Driver, 1976

New York, New York, 1977

Toro salvaje, 1980

Jo, ¡qué noche!, 1985

El cabo del miedo, 1991

La edad de la inocencia, 1993

El lobo de Wall Street, 2013

FESTIVALS

Premios Afi 2016 (Filmes do Ano)

SINOPSE

No século XVII, dous mozos xesuítas enfróntanse á violencia e á persecución cando viaxan a Xapón buscando un misioneiro que segundo se rumorea, perdeu a fe. A historia xira arredor da misión inherente á crenza de todo relixioso e das dificultades que rodean este deber, que pode chegar a afectar a un home de Deus ata o punto de renunciar á súa fe.

«Épico. O filme máis poderoso de Martin Scorsese leva aos espectadores a unha viaxe emocionante»

Peter Bradshaw. THE GUARDIAN



SILENCIO

[Martin Scorsese, 2016]

“Interésame como a xente percibe o mundo do intanxíbel”

Entrevista con Martin Scorsese
Por Antonio Spadaro

Como naceu o proxecto de *Silencio*? Sei que era un proxecto paixonal e que o tiveches en mente moitos anos... se cadra 20 ou 30... Déronme a novela de Shusaku Endo en 1988. Rematei de lela en agosto de 1989 no tren bala Tokio—Kioto. Non podo dicir se daquela me interesaba facer un filme sobre aquilo. A historia era inquietante, fonda, non sabía se algunha vez podería tentar achegarme a ela. Pasado o tempo algo dentro de min díxome: «Tes que tentalo». No ano 91 tentei escribir un borrador co meu amigo e colaborador Jay Cocks. (...) Pero eu aínda non estaba preparado. Foi o principio dun longo proceso que nos levou a escribir o primeiro borrador real do guión en decembro de 2006. Durante todos eses anos non sabía como lidar cos temas. E ademais, despois de tantos anos, había cuestións legais e económicas complicadas de resolver. (...) Foi un proceso moi longo —dezanove anos, para ser exactos— con moitas paradas e comezos. Mirando cara atrás, penso que esta longa xestación se converteu nun xeito de convivir coa historia, e vivir a vida —a miña propia vida— arredor dela. Arredor das ideas do libro. E fun provocado por esas ideas, pensei máis na cuestión da fe. Mirei cara atrás e vin todo acudíndome á memoria como unha sorte de peregrinaxe, así foi como o sentín. Foi incríbel ter a posibilidade de poder facer agora o filme, neste punto da miña vida.

Como foi vivir co desexo de facer este filme? Convivín con el. (...) A presenza da novela foi unha sorte de estímulo no que pensar: sobre a fe, sobre a vida e como é vivida, sobre a graza e como se recibe, sobre como eles poden ser o mesmo ao final, acho... O que me deu unha gran forza e claridade na miña aproximación á tarefa concreta de facer o filme.

Para ti crer en Deus e ser católico son diferentes cousas. Entendín ben? Que queres dicir con iso? Interésame como a xente percibe a Deus, mellor dito,

como percibe o mundo do intanxíbel. Hai moitos camiños, e penso que o que escolles depende da cultura da que formas parte. O meu camiño foi, e é, o catolicismo. Despois de moitos anos de pensar noutras cousas, remexendo aquí e aló, onde máis cómodo estou é como católico. Creo nos principios do catolicismo. (...) Non estou interesado na política da institución. Pero a idea da Resurrección, da Rencarnación, a mensaxe poderosa da compaixón e o amor, esa é a chave. (...) Mais eu non son unha persoa de igrexa. Desde moi cedo decateime de que ser practicante non é algo que suceda só nun edificio consagrado durante certos rituais a certas horas do día. É algo que sucede fóra, todo o tempo. É todo o que fas, bo ou malo.

Como é Deus para tí? É obxecto de castigo e perplexidade ou unha fonte de felicidade e harmonía? (...) Pode ser Deus un torturador? Isto recórdame a Bernanos e ao *Diario dun cura rural* e a adaptación fílmica de Robert Bresson (1951). Vín por primeira vez a mediados dos sesenta. Eu tiña 20 anos, estaba medrando, movéndome entre a idea do catolicismo que celebrara desde neno. Como moitos nenos, estaba abrumado e impresionado polo lado severo de Deus que nos presentaran —o que castiga cando fas algo malo, o dos raios e torbóns. Iso era o que trataba Joyce no *Retrato do artista adolescente*, que tamén me causou un forte impacto nese tempo. Era un momento moi dramático no país. Vietnam estaba avanzando, e fora declarada «guerra santa». Para min e para moitos outros, había moita confusión, dúbidas e tristeza e estaba aí, era parte do día a día. Foi nese tempo cando vin o filme de Bresson e deume esperanza. Cada personaxe, coa posíbel excepción do cura vello, sofre. Séntense castigados, e moitos están castigando aos demais. Hai un momento no que o cura fala cunha das súas fieis e dille «Deus non é un torturador. Só quere que sexamos compasivos con nós mesmos».

Publicado en www.laciviltacattolica.it
Tradución ao galego: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Mis placeres de cinéfilo, Martin Scorsese.
Paidós, 2000

Shutter Island, Martin Scorsese.
Vértice [DVD]

Martin Scorsese presenta: The Blues,
Martin Scorsese, Win Wenders,
Clint Eastwood, Mike Figgis, Mark Levin,
Charles Burnett, Richard Pearce. Divisa [DVD]

La invención de Hugo, Martin Scorsese.
Paramount [DVD]

El lobo de Wall Street, Martin Scorsese.
Universal Pictures [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME